

UN LIMIAR SOBRE O PAPEL

Hai xa un tempo que mans femininas asaltaron en Galicia eses brancos territorios feitos de celulosa e capacidade de expresión.

Mediante a forza da plástica unhas, mediante o xenio da palabra outras, ocuparon eses soportes que ata entón estiveran feitos para as caligrafías e os trazos do xénero dominante.

Non querían nin por un intre perder os papeis. Querían mudalos.

Desexaban que tomasen novos matices baixo as súas mans, xa nunca tan immaculados, mentres alteraban aqueles que outros lles deran en adxudicar. De obxectos pensados a suxeitos pensantes que se verten sobre a chaira resplandecente da esperanza. Da de transformar o mundo trocando a súa representación.

Non pode haber talladas máis finas de significado. Un novo relato posto en imaxes e liñas sobre estes pregos. A perspectiva dunha conciencia capaz de reequilibrar o cadro xeral.

Elas tiveron que reescribir a historia, remodelar os modelos, reconstruír os mitos. Remontar as súas propias xenealoxías.

Doce olladas feitas riscos, doce novos xeitos de contar. Cando as follas se volveron almanaque, ao menos unha delas quixo homenaxear o discurso marcado. Soñou o papel ser tea de camisa branca que nunca máis volvese queimar a dominación. Porque palabras ardorosas de traballadoras téxtiles norteamericanas foran abrasadas un marzo de comezos do pasado século. Unha loita candente que o poder quixo sufocar e que hoxe volve prender sobre a materia ignífuga do calendario.

Para que nunca se enfríen as brasas desa páxina, as artistas e poetas da Galicia contemporánea tomamos os papeis e facémolos nosos.

E ata que a última agresión se borre, a última suspicacia se difumine e unha horizontalidade ampla e clara coma un papel nos harmonice, no noso almanaque ha ser marzo

cada mes.

Yolanda Castaño

